

CAFI: NOVA ESIXENCIA AO PERSOAL DE BBVA

Dende a semana pasada, o Banco está a convocar ao persoal -con función en xestión comercial e mixta e que non teña acreditado un certificado EIP, EFA, EFP-, a un curso en liña de 100 horas de duración, chamado CAFI (Certificación de coñecementos en Asesoramento de Fondos de Investimento), para adaptarse á Directiva MIFID II, con entrada en vigor en 2018 e con aplicación máxima en 4 anos.

Parece que nada importa, nin o momento nin o curto espazo de tempo para realizar a formación (10 de outubro ao 18 de decembro), nun trimestre onde tradicionalmente o Banco presiona de forma desorbitada para efectuar un bo peche de exercicio, e por iso, será unha cuestión de heroicidade compaxinar formación, traballo e cumprimento de obxectivos.

Desde **CCOO**, preocúpannos as condicións nas que se está implantando esta formación obligatoria, porque empeza a ser caótico todo o que ten que ver con MIFID II. Desde logo, o primeiro que o **Banco tería que facer é definir oficialmente que funcións entrarán no perfil de "Asesor/a" e cales na de "Informador/a"**, pois isto si que debe estar decidido ao 3 de Xaneiro do próximo ano, ademais de aclarar que titulación decidiu o Banco dar por válida, seguindo instrucións da CNMV.

Non nos opoñemos á formación, pero dende logo entendemos que esta carreira, a última hora, con escasa planificación, convocando sen definicións e aclaracións, e con inscrición por decisión unilateral ás persoas afectadas, non ten ningún sentido.

CCOO entendemos que a formación sobre Fondos de Investimento é recoñecida como obligatoria para o persoal relevante, aínda que a imposta polo Banco ten unha duración excesiva para tratar só un dos tantos temas do temario. Ademais, tal e como se establece no considerando 79 da Directiva MIFID II e prevé a propia Guía Técnica, as entidades darán tempo e os medios necesarios para a súa realización. Por conseguinte, de manterse esta convocatoria, lembrámosvos o **noso dereito para realizar a formación e preparación das probas dentro da xornada laboral**.

Dende CCOO, demandamos unha reunión urgente con RRLL, co fin de definir e racionalizar estas cuestións, á vez que **esiximos a BBVA que teña en conta o tempo dedicado á formación esixida pola empresa para o cálculo da PBV, e tamén para a súa incidencia na ficha de vendas**.

Seguimos traballando, seguiremos informando

Outubro 2017

CCOO o teu sindicato é útil e eficaz.

Se áinda non estás afiliado/a, afíliate a CCOO, o sindicato das persoas. O teu sindicato.

Ficha de afiliación

Data

Nome e apelidos

DNI Teléfono Data nacemento

Dirección (particular)

Poboación Código postal

Clave oficina

Domiciliación bancaria:

--	--	--

--	--	--	--

--	--	--	--

--	--

--	--	--	--	--	--	--	--

IBAN Banco/Caixa Oficina DC Conta corrente/libreta

Correo electrónico Firma:

(Dea a seus representantes de **CCOO**bbva ou enviar bbvacco@servicios.ccoo.es dixitalizados)

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidad con la ley Orgánica de Protección de datos de carácter personal, te informamos que tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenezca la empresa en la que trabajes, así como -en todo caso- a la C.S. CCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: <http://www.ccoo.es> hacer clic sobre Conoce CCOO. La finalidad del tratamiento de tus datos, por parte de todas ellas, la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado/afiliada. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a C.S. CCOO Responsable de Protección de datos, C/ Fernández de la Hoz nº 12 - 28010 Madrid. Deberás indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un correo electrónico a lop@cco.es o llamar al teléfono 917028077.

CCOO servizos bbva

Tel. 981 95 32 21 - 93 401 44 53 - bbvacco@servicios.ccoo.es

www.ccoo-servicios.es/bbva/ - tablón sindical en espacio - www.ccoo-servicios.info

<https://www.facebook.com/ccobbva> - <https://twitter.com/ccobbva>

adherida a la **unión network international**

